



O Pazo de Oca, 101 anos como escenario de cine

Juan Pedro Pérez Pérez
pedriman@gmail.com

Resumo. Dende 1924, cando o Pazo de Oca aparece por primeira vez na película *La Casa de la Troya*, dirixida por Alejandro Pérez Luján, deica hoxe, pasaron 101 anos. Neste período aquela xoia barroca foi escenario da rodaxe de múltiples producións. Aportamos neste traballo datos, fotografías, anécdotas e entrevistas, tanto a profesionais do audiovisual como a algúns veciños de Oca, para dar testemuño da beleza e importancia deste enclave estradense como localización cinematográfica.

Abstract. It has been 101 years since the country house Pazo de Oca appeared for the first time in *The House of Troy*, a film directed by Alejandro Pérez Luján in 1924. During this period, several productions were filmed in this valuable baroque house. This article provides data, photos, anecdotes and interviews, both with audiovisual professionals and with some inhabitants of Oca, to bear witness to the importance and beauty of this place as a filming location in A Estrada.

O Pazo de Oca, situado no concello de A Estrada, é un dos monumentos histórico-artísticos máis importantes de Galicia. O «Versalles galego» é un edificio construído a partir de 1701, que destaca especialmente polo deseño dos seus xardíns e a gran variedade botánica que alí podemos atopar. Actualmente pertence á Casa Ducal de Medinaceli. É unha marabilla o carácter ornamental e o divertimento que supón o percorrido polos seus coidados xardíns con multitude de creacións artísticas labradas nas sebes, sen descoidar a zona dedicada ao cultivo hortícola e froiteiro.

O conxunto que forman a súa fachada e porta principal, coa igrexa-capela á esquerda e o torreón á dereita, é dunha beleza impresionante. Todo isto encadrado nunha gran praza axardinada presidida polo cruceiro que nos dá a benvida, e as vivendas unifamiliares fronte ao pazo.

Nos xardíns destaca o magnífico estanque central, regado coas augas do río Bo, cun paseo que o bordea e dúas pontes: unha con grandes arcos presidindo a cabeza e marcando o comezo do roteiro,



Con estas características, o Pazo de Oca non podía pasar desapercibido para o mundo do audiovisual, polo que foi ao longo dos anos escenario de películas, series e documentais. Nestas páxinas imos a detallalo en profundidade.

e outra no centro. Esta última ten unha bancada de pedra e unha estupenda parra baixo a que podemos admirar a beleza da contorna. Esta ponte divide o estanque en dúas partes. No centro da zona superior observamos unha barca de pedra ategada de hortensias, coas figuras do barqueiro (o señor da serpe) e un grumete. Isto simboliza o mundo das virtudes. No estanque inferior hai outra barca que representa o mundo das vaidades.

O pazo dispón de varios salóns engalanados con tapices e mobiliario na planta baixa, unha grande escalinata de acceso a planta superior e varias dependencias que están reservadas e non son visitables. Fontes e canles, bancos de pedra, paseos entre árbores, escalinatas, arroyos, xardíns coloridos e ata labirintos de vexetación. O conxunto é ideal para calquera rodaxe cuxos exteriores requiran a beleza duns xardíns onde pasear o amor... ou o misterio.



La casa de la Troya (1924)

Dir.: Manuel Noriega e Alejandro Pérez Lugín

Guión: Alejandro Pérez Lugín, baseado na súa novela homónima

Reperto: Carmen Vianze, Luis Peña, Dolores Valero, Pedro Elviro, Juan de Orduña

Alejandro Pérez Lugín, autor da novela *La casa de la Troya*, conseguiu tamén codirixila. Non era a súa primeira experiencia cinematográfica, xa que anteriormente rodara algúns documentais relacionados coa guerra de Marrocos ou con temas bélicos, como *Los novios de la muerte*, *Los troyanos de Zaragoza*, *Los que dieron su sangre por la Patria* ou *Las baterías gallegas*.

A película foi estreada o 28 de xaneiro de 1925 en Madrid, no Teatro da Zarzuela, e tivo un grande éxito. Inmediatamente se converteu nun escaparate promocional de Galicia para o resto de España. Pérez Lugín era un xenio do márketing: publicitou a película en todos os medios e para a estrea alugou por unha semana o Teatro da Zarzuela «a unos precios las butacas que jamás se habían pagado en el cine».

Tendo en conta que falamos dos anos 20, nun país con poucos cines e grande escaseza de recursos, quizais falar de grande éxito é un tanto esaxerado, pero a realidade é que a película foi das máis comentadas da época e conseguiu amortizar os seus custos de produción. Foi vista mesmo no estranxeiro, e converteuse ademais nun estandarte do cinema que se podía realizar en España.

O 8 de febreiro de 1925 proxéctase no cine Coliseum de Barcelona, o 10 estréase en Santiago de Compostela, o 20 de febreiro estréase no teatro Linares Rivas da Coruña, o 27 no Royalty de Vigo, e un longo etcétera.

A película mesmo tivo pase internacional, xa que está documentada a súa estrea en Nova York o 16 de xuño de 1925. Segundo as crónicas, proxectouse no Palacio Real a pedimento da raíña Victoria Eugenia, «que está enamorada de la belleza bucólica y sugeridora del paisaje gallego».

Como curiosidade, podemos citar que existe unha versión americana baseada nesta historia titulada *In gay Madrid* (Robert Z. Leonard, 1930).

Porén, non todo foron boas críticas. Jose M.^a Folgar de la Calle, en *O cine silencioso en Galicia ata a aparición do sonoro*, recolle unha crítica aparecida no xornal *El Noroeste*:

Un gallego no puede sentir a Galicia a través de «La casa de la Troya», ni un extraño puede conocer exactamente la terra meiga a través de sus episodios estudiantiles ni de sus lirismos saudosos. «La casa de la Troya» es lo que es (...) mas intentar engazarla en Galicia, en la sencilla y augusta diadema del alma gallega, es exceso peligroso y tarea inútil.

O Pazo de Oca aparece como propiedade da familia de Carmiña, a protagonista da película. Gerardo visita a Carmiña no que denominan o «Pazo do Outeiro», ela recíbeo na praza exterior, na porta de entrada, e a continuación pasean xuntos. Podemos ver varias tomas dos xardíns e o grande estanque con todo o seu perímetro. Noutros momentos móstranse planos do exterior do pazo co seu imponente torreón.

Ao longo das dúas horas de metraje, a película amósase como un paseo turístico promocional de Galicia. Podemos observar a Carmiña sufrindo de amor nos arredores do estanque do Pazo de Oca e nalgúns dos seus recunchos máis recoñecibles; mentres tanto, o seu amado Gerardo viaxa por Combarro, Betanzos, Vigo, Pontedeume, variadas paisaxes indeterminadas e sobre todo Santiago de Compostela en todo o seu esplendor.

Tamén hai algunhas tomas no interior do pazo, sobre todo á beira de xanelas, a través das cales Carmiña mira ao exterior con melancolía.



Arquivo da Fundación AGR. No centro vemos á protagonista Carmen Viance e a Alejandro Pérez Lugín na escalinata de Praterías. A foto está dedicada polo propio escritor a «Carmiña» Viance. Á esquerda está Juan de Orduña, actor nesta película e, co tempo, un dos directores de cine máis importantes da postguerra.

Esta versión, muda e en branco e negro, é a primeira que se rodou para o cine, pero a historia destes estudantes tivo varias versións máis. A máis lembrada protagonizárona Arturo Fernández e Ana Esmeralda en 1959. Por contra, o pazo non volveu a ser escenario cinematográfico nestes filmes.

Aínda que non é unha copia de gran calidade, a película pode ser visionada en YouTube.

Galicia (1925)

Documental en seis partes estreado en Vigo, un compendio de todo o armonioso e interesante que podía ofrecer Galicia nesa época. Alí defínese Oca como o máis fermoso dos pazos galegos, aínda que o seu tempo en pantalla é de escasos segundos. Pódese visionar en YouTube.

El Ballet Gallego grabó secuencias para T. V. E. en el Pazo de Oca

ORENSE, 23. — La paz y tranquilidad que disfrutaban los vecinos del pueblecito de Armental, en el Ayuntamiento de La Peroja, a unos nueve kilómetros de Orense, se ha visto rota por un insólito suceso: La invasión de unos extraños insectos cuyo cuerpo tiene la forma de una gota de agua; su color es castaño; en la cabeza, del tamaño de la de un alfiler pequeño, hay dos antenas; la parte superior del cuerpo está cruzada por el mismo centro por una especie de nervio que divide en dos partes iguales la misma. Tiene, además, tres pares de patas y su tamaño oscila entre los cuatro y los seis milímetros.

La aparición de estos animalitos tuvo lugar hace tres días. Los vecinos de Armental trataron de combatir la "invasión" utilizando toda clase de insecticidas, pero sin resultado positivo alguno; también recurrieron a medios caseros —sal común y agua hirviendo— con idéntico resultado; en vista de ello, trataron de exterminarlos machacándolos con piedras, per-

vo ambulatorio de la Seguridad Social "Nuestra Señora de los Remedios", cuyo presupuesto se eleva a treinta millones de pesetas.

Ha sido construido en un solar de 800 metros cuadrados y el total de la superficie edificada es de 3.075 metros cuadrados.

Distribuido en un semisótano y cuatro plantas, en todas ellas existe un puesto de conserjería.

SECUENCIAS DEL BALLET GALLEGO

LA ESTRADA, 23. — (CIFRA). El Ballet Gallego ha grabado hoy una serie de secuencias para "Televisión Española" en el marco del Pazo de Oca. Esta grabación está prevista para el día de ayer, pero no se pudo realizar por una serie de dificultades técnicas.

El programa hoy grabado llevará por título "La Galicia campesina". Anteriormente se rodaron "La Galicia marítima" en Vigo y "La Galicia ciudadana", en Santiago de Compostela.

VIAJEROS PARA SANTIAGO

es un poco específico, dado el contingente de trabajadores autónomos que tiene; es muy complejo y, al mismo tiempo, bastante difícil de resolver. Sin embargo, tenemos la esperanza de que, por los planteamientos que estamos haciendo al Gobierno, algunas de las prestaciones, como la hospitalización quirúrgica, puedan ser puestas en marcha en muy breve plazo", manifestó a un redactor de la delegación de "Cifra" don Jesús Lample Opere, vicepresidente del Consejo Nacional de Trabajadores y Presidente de la Sección Central de Trabajadores Agrícolas y procurador en Cortes.

El señor Lample se encuentra en Santiago para pronunciar una conferencia en el Colegio Mayor Universitario "San Clemente" sobre "La Educación en el medio rural".

"En Galicia —continuó diciendo— el señor Lample al redactor de "Cifra"— no es de fácil resolución el problema de la reforma de las estructuras agrarias, dado que hay un sistema jurídico de propiedad

Recorte de prensa. *El Progreso*, 24 de xullo de 1968.

Consultando o CGAI (Centro Galego de Artes da Imaxe), nos seus arquivos o Pazo de Oca aparece apuntado nos seguintes documentais históricos:

- *Un viaje por Galicia* (Luis R. Alonso, 1929)
- *Pontevedra al día* (Amando Hermida Luaces, 1959)
- *Alma Gallega* (Amando Hermida Luaces, 1966)

Ao longo dos anos, desde 1924 á época actual, filmáronse escenas para documentais e reportaxes, por exemplo *Auga de Vida, costumes e historias cotiás* (2009); campañas publicitarias como *A Estrada, naturalmente* realizada por Producciones Trípod para o Concello da Estrada (2013); e mesmo vídeos musicais, con e sen permiso da Fundación Casa Ducal de Medinaceli, propietaria do pazo. Esta Fundación é o organismo ao que hai que dirixirse para obter o permiso de filmación dentro das instalacións. Por se é do voso interese: difusiones@fundacionmedinaceli.org

Por outra banda é normal encontrar agradecementos ao Concello da Estrada nos títulos de crédito nalgunas producións. Neste caso, a participación do Concello inclúe o corte provisional das estradas e as labores loxísticas na parroquia de Oca, pero non propiamente dentro no pazo.

Outra fonte de imaxes no pazo son os informativos e reportaxes filmados pola Televisión de Galicia (TVG) ou a lembrada Estrada Televisión. Tamén Nós TV de Lalín e *elcorreo* TV de Santiago de Compostela recolleron noticias e reportaxes achegando imaxes do Pazo de Oca.

Destaca tamén a participación da TVE, cuxos técnicos gravaron o 23 de xullo de 1968 ao Ballet Galego no pazo para unha serie de programas sobre Galicia, neste caso *La Galicia Campesina*.

Aventuras del marqués de Bradomín –Sonatas– (1959)

Dir.: Juan Antonio Bardem

Guión: Juan Antonio Bardem, baseado nas *Sonatas* de Valle-Inclán

Reperto: Francisco Rabal, Aurora Bautista, María Félix e Fernando Rey

A película está dividida en dúas partes perfectamente diferenciadas, a primeira acontece en Galicia e a segunda en México, aínda que a orde de rodaxe (a maxia do cine) foi inversa: primeiro en México e despois en España.

O Pazo de Oca ten unha gran relevancia na primeira parte: en escena podemos apreciar a súa fachada coa praza e o cruceiro, os xardíns, o estanque e os interiores. Os que visitamos o pazo nalgunha





O actor Paco Rabal, no centro, nunha pausa de rodaxe pousa con varios extras. Tres deles visten traxes de época, e o da esquerda co seu uniforme militar, xa que eran soldados que facían a mili en Santiago de Compostela. Foto: Museo do Pobo Estradense MRP. Fondo Celestino Fuentes.

ocasión podemos recoñecer facilmente todos os seus recunchos. Por eles pasean o seu amor adúltero unha belísima Aurora Bautista e o galán Paco Rabal.

A rodaxe produciuse entre marzo e maio de 1958, e foi todo un acontecemento do que hai constancia fotográfica grazas ao bo facer de Celestino Fuentes, coñecido como o fotógrafo de Oca. Celestino puido retratar a veciños pousando coas súas admiradas estrelas de cine ou vestindo de época para a súa participación como extras na película. Algunhas destas fotografías pódense ver con gran calidade no estupendo artigo asinado por Juan Andrés Fernández e María Jesús Fernández Bascuas *Tempo de lecer no rural estradense a mediados do século xx. Os testemuños fotográficos de Celestino Fuentes González (1918-1987)*, publicado no volume 11 (2008) desta revista.

Tamén o xornal *La Noche* publicou algún artigo moi extenso con variedade de fotografías onde se contaban os pormenores da rodaxe no pazo.

En *El Pueblo Gallego*, Juan Antonio Bardem, Paco Rabal e Aurora Bautista son entrevistados nunha pausa dentro do propio Pazo de Oca. Así nos decatamos de que a protagonista feminina debería ter

sido Lucía Bosé, pero (parece que chancea o director, Bardem) non a deixou o seu marido que naquela época era o toureiro Luis Miguel Dominguín. O protagonista da película, Paco Rabal, móstrase máis interesado en falar do seu papel en *Nazarín* (1959, Luis Buñuel) que da súa participación nesta película, e Bautista sae reflectida como unha actriz celosa da súa imaxe xa que prohibiu absolutamente que lle fixesen fotos: «mientras no tenga puesta y peinada la peluca rubia que luce en esta producción».

Entre as anécdotas de produción destaca o monumental cabreo do director Juan Antonio Bardem, que buscando un bo encadre na zona do estanque caeu nun pozo e rompeu o húmero do brazo esquerdo, con terrible dor e o consecuente retraso na filmación. Por certo, segundo me comentan, debido á gravidade da lesión tiveron que levalo a Santiago de Compostela, pero o primeiro médico que o atendeu foi Manuel Reimóndez Portela, que tiña consulta na parroquia veciña de San Miguel de Castro.

Bardem calificou este tropezo na produción como «unha meigada de Valle-Inclán». Foi unha lesión grave, de feito rematou a rodaxe escaiolado e nunha entrevista no xornal *Pueblo* en maio de 1960, tras a presentación da película no festival de Venecia confesou:

Vuelvo a España, donde es muy aireada esa mala acogida de la película. Mi brazo sigue mal y hay un momento desmoralizador en que veo que voy a perder el juego de la mano. Luego estas cosas, gracias a los doctores Nicolás Cimarra y Julián Zúñiga, se arreglan.

Juan Antonio Bardem tamén lembra especialmente, desta rodaxe, o *travelling* coa cámara colocada no teito dun autobús para filmar unha cabalgada de lanceiros na praia da Lanzada.

Aventuras del marqués de Bradomín, ten como subtítulo *Sonatas*, como podemos ver no programa de man do seu pase no Teatro Principal da Estrada, e así foi titulada nalgúns cines. Este título fai referencia a que o guión está baseado nos relatos *Sonata de otoño* e *Sonata de estío* do escritor Ramón María del Valle-Inclán, ambos pertencentes ás *Memorias del marqués de Bradomín*, unha imitación burlesca do *Don Juan*, xa que Bradomín é máis ben covarde, narcisista e pouco agraciado. Estas dúas sonatas adaptadas ao guión da película son as máis eróticas.



Lembremos que a película foi filmada en 1958, nunha das etapas máis duras da censura cinematográfica, cando era obrigatorio pasar unha copia do guión antes da filmación para o seu control e modificación.

Existe un informe de censura enviado á Dirección Xeral de Cinematografía e Teatro asinado por A. Fraguas, o cal aconsellou, tras ler o guión:

La supresión de la primera parte hasta que el guionista (Juan Antonio Bardem) proponga modificaciones en los aspectos indicados y propongo la aprobación de la segunda parte con las correcciones precisas para suprimir toda la participación de iglesias, conventos, sacristías, frailes y monjas.

Tal es mi parecer en evitación de que, una vez rodada la película, pueda crear dificultades graves.

Da lectura detallada deste informe podemos sacar a conclusión de que o verdadeiramente molesto para o censor, non é o adulterio cometido polos personaxes de Concha e Bradomín, senón a presenza constante da imaxe de crucifixos e Xesucristo en todas esas escenas. Nas súas propias palabras:

¿Qué puede inducir al guionista a tratar con tanta delicadeza la clave erótica de la Sonata de Otoño y prestar, en cambio, una atención especialísima, casi obsesiva, al símbolo religioso por antonomasia?

Pepa Payno, Tata Carrillo, Nano Suárez e Yayo Barcala, veciños de Oca, eran uns cativos e posiblemente por iso non poden esquecer o medo que pasaron coa escena dos aforcados. A pesar de que



En primeiro plano tres membros do reparto, posiblemente soldados do Batallón que había en Santiago de Compostela e que foron contratados como extras. No muro detrás deles vemos a tres nenas veciñas de Oca: Elisa Fuentes, María Espiño e Pilar Fuentes, que tamén participaron na película como figurantes. Foto: Museo do Pobo Estradense MRP. Fondo Celestino Fuentes.

o equipo de produción tñalles prohibido o paso, eles conseguiron chegar ao claro do bosque onde se gravaba. Quedaron aterrorizados ao achegarse e ver a uns cuantos figurantes colgando das árbores.

Outra cousa que lles chamou a atención eran as enormes carruaxes de época tiradas por cabalos e o estrondo que se montaba cando entraban na praza do pazo.

Hai recordos de que Asunción Balaguer, esposa de Paco Rabal, e os seus fillos Teresa e Benito visitaron a rodaxe nalgunhas ocasións, paseando polo pazo e falando coa xente que asistía a ver aos artistas.

A familia de Tata Carrillo tiña unha taberna e casa de comidas, Casa Carrillo, situada na praza exterior do pazo. Alí acudía todo o elenco actoral e o equipo técnico a comer cada día, e ela lembra levar cafés aos actores e botellas recheas de té ao interior do pazo, que estaba cheo de cables polo chan. Esas botellas simulaban ser de whisky nas escenas en que tiñan que beber.

Pepa Payno vivía no interior do Pazo de Oca, era a filla do garda do mesmo e lembra estar xogando con Paco Rabal no descanso das filmacións.

Juan y Junior en *Un mundo diferente* (1969)

Dir.: Pedro Olea

Guión: Pedro Olea, Juan A. Porto y Juan García Atienza.

Reperto: Juan Pardo, Antonio Morales «Junior», Maribel Martín, Julio Peña, Francisco Merino

Cancións: orixinais e interpretadas por Juan y Junior

Conxunto musical: José María Moll (batería), Bill Robinson (baixo), Joaquín González (guitarra solista), Jorge Paps (saxo) e Juan Martínez (trompeta).

A película, na súa concepción a finais dos anos 60, estaba destinada a ser un éxito absoluto. Un musical con algúns dos grandes astros xuvenís da época. Con todo, a pesar do seu colorido, a súa estética pop, e a presenza de dous ídolos famosos foi, desde o inicio, un desastre de produción.

O primeiro guión escribiuse para lucimento do grupo musical Los Brincos, pero antes de comezar a rodaxe a agrupación separouse, polo que tiveron que reescribir e adaptar a historia para promover o dúo formado por Juan Pardo e Junior. Noutro golpe de mala sorte, antes da estrea da película estes decidiron separarse tamén. Tras estos sucesos chegaron as débedas, pufos e embargos de produción.

Segundo recolle a prensa, o título ía ser *Los visitantes*, pero finalmente decidiron incluír o nome dos ídolos xuvenís por consideralo

máis atractivo para a recadación en taquilla.

O póster promocional da película ten unha interesante anécdota: Juan Pardo aparece con barba neste cartel, mentres que protagoniza a película sen ela. O motivo é que antes da estrea cambiou a súa imaxe, deixando que lle crecese a barba que xa lle acompañaría para sempre na súa imaxe pública. Dende produción decidiron adaptar o cartel para que fose máis recoñecible.

Tamén é reseñable a súa categoría de rareza dentro do panorama cine-



matográfico español, pois se trata dun filme musical de ciencia ficción con contrastes tan curiosos como os decorados vangardistas do planeta Nicro, a atmosfera e veciñanza de Galicia e a elección de vestiario colorista ao máis puro estilo ye-yé. Aínda que o que nos deixa estupefactos é a absoluta miseria dos efectos especiais.

A sinopse ten a súa faragulla: o planeta Nicro, na outra punta da galaxia, é un planeta clon da Terra. Os seus habitantes son idénticos a nós aínda que moito máis avanzados, moito máis aburridos e moi mala xente, porque deciden invadirnos suplantando pouco e pouco aos mozos con maior proxección de futuro. *La invasión de los ladrones de cuerpos* á española.

Quen será o primeiro elixido para a suplantación? Quizais o papa ou outro gran líder relixioso? O presidente dunha superpotencia, algún científico nuclear, un líder sindical? Pois non! Estes intelixentes seres deciden suplantar a Juan e Junior e invadirnos coas súas cancións.



Maribel Martín e Juan Pardo namóranse nos xardíns do Pazo de Oca.

A rodaxe en Oca realizouse a principios de outubro do 68. Juan Pardo e unha novísima Maribel Martín con 15 anos, ambos na plenitude da súa louzanía e beleza, pasean polos xardíns e o estanque do Pazo de Oca recitando poesías relixiosas, dándose algúns dos bicos máis castos da historia do cine e namorándose perdidamente (na ficción). A barca de pedra e a zona ao redor do estanque aparecen belamente fotografados.

Lys Pardo, a filla de Juan, contoume unha estupenda anécdota sobre a rodaxe. Parece ser que Maribel estaba algo cohibida, non só pola súa idade senón tamén pola presenza de súa nai, de maneira que o director pediulle a Juan Pardo que no momento do bico a agarrase con forza para que non se notase a súa timidez. Ao acabar a escena Maribel botoulle a rifa polo «apertón» e Juan, á súa vez, replicou que eran ordes do director, que temía que saíse correndo. Lys di que foi unha rodaxe preciosa con moita «química» entre eles e destaca, do mesmo xeito que algúns veciños de Oca, a beleza de Maribel Martín.

Todo é dunha estética super pop; como exemplo os aloucados zoom ás pétreas imaxes dos músicos do Pórtico da Gloria na catedral de Santiago, mentres soan «solos» de guitarra eléctrica nalgúns dos

seus temas. Son temas musicais que escoitamos completos, coma se fosen videoclip inseridos na trama. Ao seu favor podemos dicir que é a película onde se estreou a icónica *Anduriña* interpretada a dúo desde un dos salóns do Hostal dos Reis Católicos na capital de Galicia. Se alguén está interesado en escoitar esta versión é moi fácil atopala en YouTube.

O propio director, Pedro Olea, declarou en diferentes entrevistas sobre a película: «... el resultado es malo, el guión estaba deslabazado, y el final es flojo». Ademais definía o filme como un disparate, un pecado de mocidade que lle serviu para adquirir o oficio e práctica necesarios para afrontar outros retos como a tamén filmada en Galicia *El bosque del lobo* (1970). Segundo as súas palabras, a película estivo só un par de días nos cines.

Juan Pardo, entrevistado en 2006, recoñecía que nin el mesmo tiña unha copia da película e, contactado para a confección deste artigo, asegura que esta é unha desas películas que se facían como un traballo sen máis.

Foi emitida en TVE, no programa *Historia de nuestro cine* en xuño de 2019, sendo este un deses raros momentos en que puido ser visionada pois é unha película francamente difícil de atopar noutro tipo de formatos. Tamén en 2022 a TVG emitiu a película en Nadal. Actualmente atópase no catálogo da plataforma de streaming FlixOlé.

La novia ensangrentada (1972)

Dir.: Vicente Aranda

Guión: Vicente Aranda

Reperto: Simón Andreu, Maribel Martín e Alexandra Bastedo

La novia ensangrentada considérase unha das grandes películas de culto do cine de terror español. Foi homenaxeada e proxectada no festival de Sitges en varias ocasións e o director estadounidense Quentin Tarantino recoñécea como unha das súas películas de terror favoritas. De feito, en *Kill Bill* vol.1 (2003), hai un episodio no que a protagonista, Uma Thurman, é lembrada como a noiva ensangrentada (*the blood-spattered bride*).



Persoalmente é unha película que me gusta moitísimo pola atmosfera densa e de pesadelo que consegue crear o seu director. Trátase dunha historia morbosa de vampirismo e lesbianismo, con moitos toques oníricos e momentos moi turbios dentro dunha relación matrimonial onde o marido non dubida en violar a súa nova esposa para consumir o matrimonio e esta, á súa vez, soña con torturalo. Pero é real ou imaxinación da xoven esposa? É posible que sufra o complexo de Judith? Este desequilibrio psicolóxico tradúcese nun sentimento de profunda agresividade contra o home que lles fixo perder a virxindade.

O Pazo de Oca é novamente retratado en todo o seu esplendor, tanto nas estancias interiores como nos xardíns e o estanque, onde se rodan varias escenas. De feito o pazo pódese considerar un personaxe máis, que contribúe á recreación escenográfica cos seus muros agrisados e estancias apenas amobladas. É posible que esta sexa a película onde sae mellor fotografado, tanto por tempo en pantalla como por calidade de imaxe.

Segundo o director Vicente Aranda, «el Pazo de Oca fue el centro de las filmaciones y, de hecho, los pocos muebles que aparecen

en la película son los que había en él. El equipo se encarga de moverlos de una habitación a otra en cada secuencia».

A película foi rodada en inglés para poder vendela no mercado norteamericano e ten dobre versión.

Tamén podemos destacar a aparición en varias escenas do cercano mosteiro de Carboeiro antes da súa restauración, cando non era máis que unhas ruínas que apenas se tiñan en pé entre a maleza. E, por suposto, tamén podemos ver a praia da Lanzada.

Nesta praia é onde acontece unha das escenas icónicas e máis estrañas dentro do subxénero de terror con vampiros, cando o protagonista masculino (Simón Andreu) atopa unha muller espida (Alexandra Bastedo) enterrada baixo a area, respirando a través do snorkel dunhas lentes de mergullador. Esta muller resulta ser unha vampira chamada Carmilla, e dende este momento seremos quen de vislumbrar na película unha adaptación libre feita polo director Vicente Aranda do clásico do terror *Carmilla* de Sheridan le Fanu.

A actriz Maribel Martín repite no pazo; lembremos que xa protagonizara escenas con Juan Pardo en *Juan y Junior en un mundo diferente*.

Entre o anecdótico temos que o baixo orzamento converteu a rodaxe en algo familiar, ata o punto que o protagonista, Simón Andreu, lembra que tiña que axudar a transportar material cando filmban no mosteiro de Carboeiro, xa que non se podía chegar en coche. Esta falta de presuposto levou a que nalgũa escena especialmente sanguenta usaran pintura vermella no canto de «sangue de cine», que era bastante cara.

Como xa apuntamos, a película foi rodada coa estratexia das famosas dobres versións para zafarse da censura cinematográfica en España. A versión explícita estreouse en Estados Unidos, a versión española sufriu varias modificacións: non se viron os peitos da vampira na praia da Lanzada, suprimense a maioría de escenas eróticas, e sobre todo altérase o final de maneira ostensible:

En la versión nacional, el marido huye tras disparar sobre el ataúd en el que reposan Susan y Mircalla. Inmediatamente después entra Carol, abre el féretro, en el que ambas están vestidas, y le quita los anillos a Mircalla. A partir de ese instante, se convierte en su sucesora.



La otra versión, la que se vio en el extranjero, es más fuerte. Se mantienen los disparos, pero Simón Andreu no huye. Carol aparece, pero ya lleva puestos los anillos de Mircalla, por lo que él, al darse cuenta de su transformación, no duda en dispararle un tiro en la nuca. Muertas las tres, es Andreu quién abre el ataúd, dónde Mircalla y Susan reposan desnudas.

En canto ás escenas de sexo e os espidos, é sabido que Mari-bel Martín utilizou unha «dobre de corpo» posiblemente por pudor, pero tamén polas consecuencias legais, xa que durante a rodaxe aínda era menor de idade: tiña 17 anos.

En 2022 cumpríronse 50 anos da estrea, sendo homenaxeada en festivais de todo o mundo.

Varios veciños en Oca contáronme unha anécdota da rodaxe. Era unha escena onde o coche de Simón Andreu tiña un contra-tempo e rompía o parabrisas. O caso é que por máis que repetían a toma, o cristal non sufría danos, polo que finalmente tiveron que coller un martelo e crebalo a marteladas. A escena requiría que o cristal se fixese cachizas, que saltasen por todas partes, pero iso parecía un coche blindado e por máis que golpeaban ese cristal non rompía. Coméntanme entre risas que eles eran novos e non podían evitar remolonear ao redor do coche vendo o cabreo do equipo de produción, que non era capaz de resolver a escena.

La piel que habito (2011)

Dir.: Pedro Almodóvar

Guión: Pedro Almodóvar, coa colaboración de Agustín Almodóvar adaptando a novela *Tarántula* de Thierry Jonquet

Música: Alberto Iglesias

Reperto: Antonio Banderas, Elena Anaya, Marisa Paredes, Blanca Suárez, Jan Cornet e Roberto Álamo

Aínda que *La piel que habito* é unha película inclasificable, atreveríame a encadrala no xénero de terror. O protagonismo dun *mad doctor*, encarnado por Antonio Banderas, a historia de vinganza e unha serie de truculencias que vemos desenvolverse ao longo da trama, encaixan nos parámetros

do xénero. A presenza do Pazo de Oca destaca nas escenas que van dar pé ao conflito e a gran sorpresa na historia, que por suposto non imos desvelar para non caer nos temidos *spoilers*.

Os xardíns do pazo, iluminados por velas, magnifican a súa quietude nocturna, contrastando ca rebuldaina da festa no «salón das tullas», no interior do pazo. Con todo, estes momentos contrastan co que está a punto de acontecer. O paseo de Antonio Banderas escapando da festa do pazo apunta pura sensualidade, pero un tremendo xiro de guión da pé a unha escena case pornográfica protagonizada por varios dos invitados á voda. Pouco despois asistimos a un acto de sexo non consentido entre os personaxes interpretados por Blanca Suárez e Jan Clotet.

É moito máis agradecida a escena rodada no interior do pazo e dividida en varios segmentos. Nun dos seus salóns represéntase a festa dunha voda, coa actuación da cantante Concha Buika, orquestra e todo o rebumbio festeiro propio dunha celebración. Merece unha mención especial a ambientación musical conseguida por Alberto Iglesias, que lle reportou o Goya á mellor música orixinal.





A realidade é que o tempo en pantalla do Pazo é escaso, pero o balbordo mediático que se produciu en Galicia, e especialmente na Estrada, é aínda hoxe día lembrado por moitos. De feito Pedro Almodóvar, nos agradecementos dos títulos de crédito finais, menciona ao Concello da Estrada e especificamente no pazo a Manolo e Mari Carmen.

Mari Carmen Taboada era a guardesa do pazo neses días e cóntame, desde o seu punto de vista, o proceso para filmar a película. O primeiro paso deuno parte do persoal de produción: varios membros achegáronse ao pazo como calquera outro visitante e estiveron a mirar as posibles localizacións de rodaxe. Unha vez que comprobaron que o pazo se adaptaba ás súas necesidades, puxéronse en contacto coas oficinas da Fundación Casa Ducal de Medinaceli para conseguir os permisos necesarios. Aceptada a solicitude, chegoulle a Mari Carmen a orde coas datas, permisos e as persoas do equipo que ían participar na rodaxe. Ela acompañounos, abriu o salón onde se celebra a festa na película e facilitou todo o necesario. Por suposto, coñeceu persoalmente a Almodóvar.




O baile e festa da voda celebrouse no Salón
das Tullas do Pazo de Oca.

Aínda que foi unha rodaxe nocturna, a realidade é que durante todo o día xa estaban a colocar luces e todo tipo de aparellos. Eses días Mari Carmen encargouse de manter o pazo pechado con coitado de que non houbo ninguén que non estivese acreditado para asistir á rodaxe.

Manuel Otero Payno entrou a formar parte da rodaxe de maneira acelerada. Recibiu o aviso para actuar como trompetista na escena da voda no pazo dun día para outro. Segundo parece, foi o propio Almodóvar quen pediu expresamente un músico de verdade, non alguén que simulase tocar a trompeta. Lémbralo como unha desas experiencias inesquecibles: por unha banda, a impresionante cantidade de medios despregados pola productora de Pedro Almodóvar *El Deseo*, e por outro a personalidade irresistible do director.

Rodaron durante sete horas nunha noite. A escena acontece no gran salón que se atopa á dereita ao atravesar a porta de entrada do pazo. Eses intres de rodaxe eran de total seriedade, pero tamén houbo momentos de pura festa. Nunha das pausas de rodaxe comezaron a improvisar algúns temas e debido a que a maioría de músicos eran cubanos tocaron *Guantanamera*. De súpeto, Antonio Banderas lanzouse a bailar e tras el grande parte do elenco, resultando un momento único.

Por desgraza, Manuel non conserva fotos ou autógrafos daquela rodaxe. Recibiran a orde de «no dar la lata a los protagonistas», pero aínda así lembra que a maioría non fixeron caso e lanzáronse a pedir autógrafos, gañando por goleada Pedro Almodóvar.



O resultado final en pantalla? Un pouco decepcionante. Na escena na que figura tocando a súa trompeta, el está ao fondo e algo desenfocado, pero recalca que a experiencia foi máxica.

Entre as actrices galegas destaca a participación de Isabel Blanco, Mariana Carballal e Sheyla Fariña. Hai un estupendo artigo no xornal *La Voz de Galicia* titulado «El día que Isabel Blanco fue la Pfeiffer» (02 set 2011), onde Isabel conta con todo luxo de detalles a increíble experiencia que supuxo esta rodaxe da festa da voda no Pazo de Oca, e os piropos que recibiu tanto de Pedro Almodóvar como dun festeiro Antonio Banderas. O mesmo sucedeu no caso de Sheyla Fariña.

Series para televisión

Libro de familia



Entre 2005 e 2013, a Televisión de Galicia emitiu unha das súas series máis destacadas: *Libro de Familia*. Nela cóntannos a historia de tres familias galegas de diferente posición social que viven na ficticia vila de Santalla nos anos 60. O éxito da serie fixo que se rodasen 25 tempadas cun total de 319 episodios. Foi creada, guionizada e dirixida por José María Besteiro e entre os seus intérpretes principais destacaban Mayka Braña, Manuel San Martín, Lucía Regueiro, Uxía Blanco, Gonzalo Uriarte ou Paula Carballeira.

Suso Sueiro traballou en *Libro de Familia* acreditado na dirección e realización de exteriores, e lembra viaxar ata o pazo para filmar moitas das chamadas «tomas recorrentes» durante varias tempadas. Estas tomas son un recurso audiovisual moi empregado para ser utilizado como cortinilla de separación entre escenas, situar a acción en diferentes puntos ou posicionar a trama en determinadas localizacións.

De feito, nos títulos de crédito pódese comprobar a colaboración da produtora co Concello da Estrada e a Fundación Casa Medina-

celi desde o episodio 241 (no inicio da 19ª tempada) ata o episodio 306 da tempada 24.

Actualmente pódense atopar as 25 tempadas da serie en agalega. gal, a plataforma gratuíta de contidos audiovisuais da RTVG.

Un asunto privado (2022)



Dir.: David Pinillos (Episodio 2)
 Idea Orixinal: Gema R. Neira,
 Teresa Fernández-Valdéz e Ramón
 Campos
 Música: Vanessa Garde
 Reparto: Aura Garrido, Jean Renó,
 Ángela Molina, Gorka Otxoa e Álex
 García

Estreouse na plataforma de *streaming* Amazon Prime Video o 16 de setembro de 2022.

Episodio 2: La bella Lolita
 Ao comezo do episodio a protagonista, Mariña Quiroga (a actriz Aura Garrido) e a súa nai (Ángela Molina) saen da Capela

de San Antonio tras escoitar a misa e nós podemos ver a praza, o cruceiro e a fachada do Pazo de Oca. Chaman a atención os fotogramas nos que aparece a capela e a praza exterior do pazo, xa que figuran incluídos por infografía uns fondos que sitúan este lugar no interior dunha cidade.

A acción da serie desenvólvese en Vigo, a finais dos anos 40, polo que debemos imaxinar que a igrexa de Oca está alí situada. As dúas actrices, Aura e Ángela, comezan a escena saíndo da capela e paseando pola praza mantendo unha conversación rodeadas dun gran número de extras e algúns coñecidos actores da escena galega. Seguidamente Aura Garrido protagonizará unha persecución á carreira tras un sospeitoso de asinato. Nesta carreira, esquivando a multitude de extras podemos recoñecer a senda que bordea o gran estanque do pazo, o pasadizo central coa súa pérgola e varios dos



Fotograma retocado da fachada da capela.



Foto real.

frondosos corredores de vexetación, sendo esta unha escena que chama a atención pola espectacularidade da fusión entre pedra e natureza. Sen dúbida un acerto por parte da xefa de localizacións María López Vieitez, e un gran traballo do técnico en xardinería do pazo, Ignacio Valladares. En pantalla apreciamos un gran número de figurantes vestidos de época e recoñecemos aos actores galegos Patricia Vázquez e Fernando Tato.

Entre as anécdotas da rodaxe coméntanme a calidade da produción, destacando a pericia técnica e profesionalidade de Aura Garrido que, a pesar das veces que tivo que repetir as carreiras, sempre estaba a favor, cun sorriso para todos. Tamén destacaron o contra-tempo sufrido por unha lente de rodaxe que caeu desde o alto dun guindastre co consecuente susto (e gasto).

Estamos nunha produción do ano 2021, filmada en alta resolución e por tanto cunha fotografía que fai palidecer a conseguida na maioría das películas de anos anteriores. De feito este é un dos acesos de identidade do produtora Bambú, sempre atentos ao coidado estético e de ambientación para recrear a época.

Nos títulos de crédito aparecen dous veciños estradenses profesionais do audiovisual: Samuel Lema como axudante de rexeduría, e Jorge Castro no reforzo de eléctricos. Nos agradecementos do episodio faise referencia ao Concello da Estrada.

***Jardines con historia.* Galicia: pazos de Oca e Santa Cruz de Rivadulla**

O 16 de xaneiro de 2021, RTVE emite na 2 un documental de media hora dedicado aos pazos de Oca e Santa Cruz de Rivadulla. Este programa púidose ver repetido noutras ocasións. Está dirixido por Sonia Terceiro e presentado por Arturo Franco, e está dispoñible na plataforma gratuíta RTVE Play.

Atreveríame a dicir que é o documento audiovisual onde mellor captan a beleza incomparable do pazo. As explicacións do presentador están acompañadas de tomas estáticas e gran cantidade de tomas aéreas espectaculares, filmadas con dron, coas que apreciamos en todo o seu esplendor a beleza xeométrica do trazado dos xardíns e



todo o edificio do pazo, a igrexa e o estanque. Ademais podemos escoitar as explicacións históricas e paisaxísticas do xardineiro do pazo, Manuel Conde Ares, e do profesor da USC Jesús Ángel Sánchez García.

Zig Zag diario

Este programa é o magazine da actividade cultural que emite diariamente a TVG. O 18 de abril de 2024, a presentadora Pilar García Rego deu paso a unha estupenda reportaxe onde se mostraba a frondosidade do pazo, e o propio xardineiro, Ignacio Valladares, comentaba os acontecementos da floración na vexetación dos xardíns.

Algúns casos dubidosos

En estudos anteriores e artigos de prensa onde se relacionan as películas rodadas en Oca é habitual atopar referencias á serie de TVE *Los Pazos de Ulloa* e ás películas *La noche oscura* (1988) de Carlos Saura e *El aliento del diablo* (1993) dirixida por Paco Lucio. Persoalmente, no visionado destas obras non atopei ningún recuncho recoñecible do pazo e sinceramente, dubido que fosen rodadas neste escenario.

Desgraciadamente a solicitude de información e documentación á Fundación Casa Ducal de Medinaceli non puido ser atendida debido aos problemas laborais xerados por causa da pandemia. Tampouco tiveron resposta as peticións realizadas aos directores ou empresas produtoras destas películas.

Como estudoso do mundo do cine e as súas reviravoltas penso que pode haber varios motivos para esta confusión. É posible que se fixesen algunhas tomas no pazo e que finalmente non se inclúisen na montaxe final por non considerarse relevante o por exceso de metraje. Esta é unha práctica moi habitual, que ocorre tanto coas localizacións coma cos actores e actrices.

Outro motivo podería ser que no plan de rodaxe inicial, na preproducción, considerasen o pazo como un lugar adecuado, fixesen os trámites administrativos e contactos para filmar aquí e finalmente rexeitasen a idea.

Incluso é posible que algunha toma de recurso escapase do meu ollo, aínda que non tería moito sentido vir a Galicia a rodar unha simple escena donde o pazo non fose recoñecible.

La noche oscura (1988)

Dir.: Carlos Saura

En *La noche oscura* nállrase a agonía de san Juan de la Cruz (Juan Diego) encerrado nun mosteiro en Toledo, e as vexacións, pesadelos e tentacións que se reflicten en *Noche oscura del alma*.

Nas poucas escenas rodadas en exteriores non hai nada recoñecible do pazo. Nos créditos finais pódese ler:

Rodada en:
MONASTERIO DE VERUELA
TOLEDO
MADRID
LAORRE

Non hai referencia ao Pazo de Oca.

El aliento del diablo (1993)

Dir.: Paco Lucio

Película de aventuras ambientada na Idade Media, na que a trama segue a uns cazadores furtivos (dous deles mudos) que se enfrontan aos problemas propios do feudalismo, a peste e a maldade humana.

A película nos seus créditos finais especifica unha serie de agradecementos a diversas entidades. Ningunha delas ten relación con Galicia. Ademais aparece a lenda:

Esta película ha sido rodada en:

EMBALSE DE EL ATAIZAR, PEÑALARA, LAS MATAS (Madrid), SEGOVIA, SEPÚLVEDA, RIAÑO (León), LA VEREDA (Guadalajara), BELMONTE (Cuenca).

Ningunha referencia ao Pazo de Oca.



Los pazos de Ulloa (1985)

Dir.: Gonzalo Suárez

Los Pazos de Ulloa foi elixida a serie do ano 1985. Foron catro episodios baseados nas novelas *Los Pazos de Ulloa* e *La Madre Naturaleza* de Emilia Pardo Bazán e emitidos en Televisión Española.

Os actores Omero Antonutti, Charo López, Victoria Abril, José Luis Gómez, Fernando Rey e Pastora Vega convertéronse nalgúnhas das caras máis populares e queridas de España, destacando a Charo López, que pasou a converterse en toda unha icona de sensualidade.

Se nos centramos nas localizacións da rodaxe e na súa relación co Pazo de Oca, teño serias dúbidas. Nalgúns artigos de prensa o pazo aparece relacionado entre os lugares de rodaxe, pero vendo a serie, persoalmente non me atrevería a aseguralo. Nalgúnha ficha de produción especificácase o seguinte:

La serie se rodó durante cinco meses en Galicia, fundamentalmente en el pazo de Gondomar, en Baiona. También se rodaron exteriores en Santiago de Compostela, en la plaza del Obradoiro y en la rúa del Villar. La grabación se completó en los estudios Bronston de Madrid.

Aquí tamén debemos matizar, xa que hai artigos onde se especifica que as tomas de interiores fixéronse nos estudos Buñuel de

Madrid. Non hai erro xa que é o mesmo lugar: na época na que Pilar Miró foi directora de RTVE, os estudos Bronston foron remodelados e inaugurados en 1988 baixo o nome de Estudos Buñuel. Todas as tomas de interior fixéronse nestes estudos, onde montaron os decorados a semellanza dun pazo señorial con todo o espazo necesario para os tiros de cámara adecuados. Por esta razón dubido que se desprazasen a Oca.

No portal de TVE aparecen os catro episodios e varias reportaxes e documentais sobre a rodaxe e produción da serie. Non hai referencias ao Pazo de Oca.

En moitos artigos especializados pódese ler: *Rodada en: Santiago de Compostela, El Espinar, Pazo de Gondomar, Pontearreas, Tui e Estudos Buñuel*. As tres obras poden ser visionadas na plataforma de streaming FlixOlé.

Por simple completismo poderíamos engadir a estas películas o caso de *El ataque de los muertos sin ojos* (Amando de Ossorio, 1973), que chegou a aparecer na propia web da casa ducal.

Amando de Ossorio foi un director nado na Coruña, un dos grandes autores do fantaterror español, recoñecido mundialmente poloa súa tetraloxía dos templarios. Podería asegurar que esa película non foi filmada no pazo, de feito nos títulos de crédito finais especificácase que os interiores se filmaron en Madrid e:

Rodaje de exteriores en:
Ruinas de la Abadía de EL CERCÓN
CASA DE TOLEDO en la Feria del Campo de Madrid
Pueblo de EL VELLÓN

Para finalizar este traballo citarei a serie de Televisión *Camino de Santiago* (1999) producida por Antena 3, co claro obxectivo de promocionar o Ano Santo Xacobeo de 1999. Todo nesta serie é espectacular. A idea orixinal é de Arturo Pérez Reverte e o guión de Robert Young cos irmáns Olivares (creadores das series *Isabel* e *El Ministerio del Tiempo*).

O reparto é increíble, con actores da talla de Charlton Heston, Anne Archer, Anthony Quinn, Joaquim de Almeida, e por parte española Imanol Arias, Loles León, José Luis Gómez, Juan Echanove e Pepe Sancho.

[illegible]

Por certo, alí estiveron os locutores de Radio Estrada Mónica González e Perfecto Sangiao, entrevistando ao actor e gozando das reviravoltas da rodaxe. A entrevista emitiuse nos servizos informativos de Radio Estrada e ten unha anécdota que me contaron con moita graza: ao decatarse da presenza de Imanol Arias no pazo da Mota, ambos os locutores colleron un coche e sen pensalo presentáronse no mesmo. Ao chegaren, viron o actor sentado repasando o seu guión e presentáronse ao instante comezando a facer preguntas. Inmediatamente foron reprendidos polo equipo de produción, instándolles a que o deixasen tranquilo. Tiveron que esperar a que acabase a súa xornada de rodaxe. Na entrevista Imanol Arias estivo moi amable e contestou a todas as súas preguntas.

Como reflexión final, non podo menos que destacar o escaso uso do pazo como escenario en producións propias de Galicia, tanto da TVG como das distintas produtoras asentadas na nosa comunidade. Apenas podemos citar unha reportaxe do *Zig Zag Diario* e tomas recorrentes na serie *Libro de Familia*. Descoñezo os motivos, puideran ser as trabas da Casa Ducal de Medinaceli, ou poden ser os problemas da loxística. Seguramente tamén haxa motivos económicos.

Sexa como sexa, á hora de rodar unha produción é indubidable a beleza cromática dos exteriores, a solemnidade e simbolismo dos seus salóns e a súa proximidade a Santiago de Compostela. Sen dúbida, o Pazo de Oca é un perfecto escenario audiovisual.

Bibliografía

- RIVERO PORTELA, Erea. *Oca, un Pazo de película (1924-2010)*.
 ALVARES, Rosa / FRÍAS, Belén. *Vicente Aranda – Victoria Abril. El cine como pasión*.
 GARCÍA FERNÁNDEZ, Emilio C. *Historia del cine en Galicia (1896 – 1984)*.
 FERNÁNDEZ, Miguel Anxo. *Rodado en Galicia*.
 Varios. *Antología del cine fantástico español*.
 GARCÍA FERNÁNDEZ, Emilio. *Diccionario Filmográfico de Galicia*.
 HUESO MONTÓN, Ángel L. / FOLGAR DE LA CALLE, José M. *Filmografía Galega. Longametraxes de ficción*.
 HUESO MONTÓN, Ángel L. / FOLGAR DE LA CALLE, José M. *Filmografía Galega. Curtametraxes*.
 FALCÓN OSORIO, Pilar. *Un camino de cine Xacobeo*.
 BARDEM, Juan Antonio, *Juan Antonio Bardem. Memorias de un hombre de cine*.

Artigos especializados

- SOMOVILLA, Miguel. «Os Pazos de dona Emilia» Revista *Luzes* n.º 90.
 CERMEÑO, Ana. «A condesa sempre chama dúas veces» Revista *Luzes* n.º 90.
 FERNÁNDEZ CASTRO, Juan Andrés / FERNÁNDEZ BASCUAS, María Jesusa. «Tempo de lecer no rural estradense a mediados do século XX. Os testemuños fotográficos de Celestino Fuentes González (1918 – 1987)» Revista *A Estrada Miscelánea Histórica e Cultural* n.º 11.
 GARCÍA-RAYO PÉREZ, Antonio. «Carmen Viance: la actriz mecanógrafa que se convirtió en estrella española del cine mudo... Fundación Archivo AGR.
 SALVADOR ESTÉBENEZ, José. «Entrevista a Simón Andreu». Revista *El Buque Maldito* n.º 20.
 MACGREGOR, Joseph B. «La novia ensangrentada». Revista *Digital Cinemal-dito*.
 Juan y Junior... en un mundo diferente. Revista *Digital La Abadía del Berzan*
 FOLGAR DE LA CALLE, José María. «O cine silencioso en Galicia ata a aparición do sonoro». *Historia do cine en Galicia*.
 GÓMEZ-SANTOS, Marino. «Juan Antonio Bardem cuenta su vida». *Xornal Pueblo* 16 maio 1960.
 VENTUREIRA, Rubén. «El día en que Isabel Blanco fue la Pfeiffer». *Xornal La Voz de Galicia*. 2 sept 2011.
 SERTAL, Carolina. «Vigo revive una joya del cine español». *Xornal Faro de Vigo*. 28 Agosto 2025.

Audiovisuais

- Todas as películas e series de TV referenciadas no texto.*
A Compostela da Casa da Troya. (Arraianos Productions, 2019) Dir.: Benigno Amor e Aser Álvarez

<https://www.rtve.es/play/videos/historia-de-nuestro-cine/historia-nuestro-cine-coloquio-cine-pop/5281121/>

Kil Bill. (Quentin Tarantino, 2003)

Fontes orais (e agradecementos)

A EREA RIVERO PORTELA por deixarme ler o seu estupendo traballo de Fin de Grado «Oca, un Pazo de película (1924-2010)»

JOSÉ MARÍA RODRÍGUEZ ARMADA, técnico no Centro Galego de Artes da Imaxe

MIGUEL SOUTO. Fotografía Pedro Almodóvar. *La Voz de Galicia*.

EDUARDO PÉREZ, cámara de *La novia ensangrentada*

ANTONIO GARCÍA-RAYO PÉREZ, Fundación Archivo AGR

IGNACIO VALLADARES, xardineiro do Pazo de Oca

MÓNICA GONZÁLEZ, locutora de Radio Estrada

SAMUEL LEMA, rexiduría

VÍCTOR SIERRA, guionista

MARÍA LÓPEZ VIÉITEZ, xefa de localizacións cinematográficas

FERNANDO TATO, actor

JORGE CASTRO, técnico de electricidade

CRISTINA ANDRADE, actriz

MANUEL ESPÍNO PAYNO, músico en *La piel que habito*

PEPA PAYNO, veciña de Oca

TATA CARRILLO, veciña de Oca

YAYO BARCALA, veciño de Oca

NANO SUÁREZ, veciño de Oca

MARI CARMEN TABOADA, gardesa do Pazo de Oca

MANUEL CONDE, garda do Pazo de Oca

CHUS FERNÁNDEZ BASCUAS, responsable do Arquivo Municipal da Estrada

JUAN ANDRÉS FERNÁNDEZ CASTRO, escritor, director do Museo do Pobo estradense

SUSO SUEIRO, dirección de exteriores

SILVIA FUENTES, productora cinematográfica

MIGUEL ANXO FERNÁNDEZ, historiador cinematográfico e escritor

JOSÉ MANUEL PUENTE «ISI», cómico

ISABEL BLANCO, actriz

LYS PARDO, filla de Juan Pardo

FERNANDO CAMPOS, produtor musical.

PEDRO PÉREZ DOMÍNGUEZ, normalización lingüística.